

ASUNTO: Corrección de erros

Primeiro.- En sesión que tivo lugar o 7 de marzo de 2018, a comisión de valoración para o proceso de selección de bolsas de formación práctica para persoas tituladas superiores universitarias e en formación profesional en asuntos relacionados coa Unión Europea reuniuse para analizar a reclamación presentada por Ángela Muñiz Alonso á puntuación obtida na Fase II do proceso de selección.

Segundo.- Compróbase que existe unha discrepancia entre a cualificación recollida na acta correspondente á sesión das entrevista(5,5) e a publicada no informe do 21 de febreiro de 2018 (4,5).

Unha vez revisada toda a documentación verificase que a nota outorgada a Ángela Muñiz Alonso pola comisión foi 5,5 puntos constantando polo tanto, que se produciu un erro no momento de transcribir a nota ao devandito informe que foi remitido ao órgano instrutor e publicado na páxina web. Con esta emenda, a cualificación final da aspirante é de 29,19 puntos obtendo a máxima puntuación na categoría de bolsa de comunicación.

Terceiro.- A comisión decide revisar de oficio todas as cualificacións da entrevista por se houberse outro erro similar. Detéctase outro erro na nota outorgada a Asmaa Lamhadoual xa que na acta da entrevista ten 6 puntos e na resolución publicada, 5 puntos. A cualificación correcta na fase II é de 6 puntos.

Á vista do anteriormente exposto, esta comisión acorda:

1. Rectificar a cualificación outorgada a Ángela Muñiz Alonso que é de 5,5 puntos na fase II e 29,19 no conxunto de ambas fases.
2. Rectificar a cualificación outorgada a Asmaa Lamhadoual que é de 6 puntos na fase II e 18,67 no conxunto de ambas fases.
3. Remitir este acordo ao órgano instrutor do procedemento.

Santiago de Compostela, 7 de marzo de 2018

A Presidenta da Comisión de valoración



Laura González-Dopeso Portela

